

## **ACORDO DE MOBILIDADE INTERUNIVERSITARIA SUSCRITO ENTRE AS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE GALICIA E AS XUNTAS DE persoal Funcionario de Administración e SERVIZOS**

En Santiago de Compostela, a 30 de outubro de 2007

### **REUNIDOS**

Dunha parte, os xerentes das Universidades Públicas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, actuando con competencias delegadas dos respectivos reitores, e

Doutra parte, os presidentes das Xuntas de Persoal Funcionario de Administración e Servizos das Universidades Públicas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, debidamente lexitimados e autorizados

### **EXPOÑEN**

Que ambas partes coinciden na necesidade de dar pulo a aquelas medidas que se entende poidan mellorar a vida persoal e a profesional na procura dunhas condicións de traballo más satisfactorias para os empregados e con positivas repercusións na organización que os acolle.

É con este obxectivo que as partes subsciben o seguinte

## ACORDO

**Primeiro.-** As universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo comprométense a ofertar os postos bases vacantes nas súas relacóns de postos correspondentes aos grupos C, D ou Subgrupo C1 e Subgrupo C2, para a súa provisión inicial en comisión de servizos por aqueles/as funcionarios/as das outras dúas universidades asinantes que reunindo os requisitos previstos na correspondente RPT teñan expresada diante das Xerencias respectivas o seu interese en trasladarse. Para estos efectos, enténdese por posto base aquel de nivel de complemento de destino mínimo para a correspondente escala así aprobado polo órgano de goberno competente da universidade.

**Segundo.-** O acordo poderase estender nas mesmas condicións, a postos dos grupos A, B, ou Subgrupos A1 e A2, sempre que as Xerencias e as Xuntas de Persoal implicadas estean de acordo. Nestes supostos, os postos que se ofertaran serán, igualmente, aqueles que teñen o nivel de complemento de destino mínimo para a correspondente escala así aprobado polo órgano de goberno competente da universidade.

**Terceiro.-** De existiren máis solicitudes de traslados que postos ofertados fíxanse os seguintes **criterios de prelación:**

- 1.- Maior antigüidade en rexistro das solicitudes de traslado, contando para estos efectos a mesma antigüidade para as presentadas nun mesmo mes natural.
- 2.- Maior antigüidade recoñecida nas Administracións Públicas.

3.- De procederen os solicitantes de traslado, do mesmo proceso selectivo, segundo a orde obtida neste.

4.- Maior antigüidade na Escala pola que solicitan traslado.

**Cuarto.-** Anualmente establecerase un número máximo e mínimo. En todo caso, agás aceptación expresa pola universidade receptora, haberá reciprocidade no intercambio das comisións que se produzan.

No caso de que unha das universidades aceptara recibir máis efectivos dos que se trasladan desa universidade a outra, poderá suspender a recepción de máis persoal ata o momento no que se logre de novo o equilibrio.

**Quinto.-** Os/as funcionarios/as que se trasladen en comisión de servizos deberán participar no primeiro concurso de méritos que esta convoque para a provisión de postos de traballo adscritos ao persoal funcionario de administración e servizos, cos mesmos requisitos esixibles aos/as funcionarios/as da universidade receptora.

As universidades asinantes garantirán a permanencia na Universidade receptora, de tal maneira que de non conseguir posto por causa non imputable ao aspirante, esta adxudicaralle unha nova comisión de servizos noutro posto vacante.

**Sexto.-** As mesmas partes intervintes constitúense en comisión de seguimento deste acordo para os efectos da súa aplicación e interpretación.

**Sétimo.-** As Institucións asinantes poderán en calquera momento denunciar este acordo mediante comunicación expresa e formal formulada cunha antelación mínima de seis meses.

**Oitavo.-** Este acordo deixa sen efecto o Acordo de Mobilidade Interuniversitario asinado entre as Universidades de Vigo e Santiago de Compostela do 17 de xaneiro de 2007, agás no disposto na súa cláusula primeira, que seguirá vixente para estas dúas universidades.

Non obstante, todos/as os/as funcionarios/as que desexen acollerse á mobilidade interuniversitaria deberán presentar a súa solicitude nas xerencias das respectivas universidades a partir da entrada en vigor deste novo acordo.


**Noveno.-** Este acordo entrará en vigor o día 1 de novembro de 2007.

O XERENTE DA UDC



Manuel Galdo Pérez


O XERENTE DA USC



Pedro García Moreno


O XERENTE DA UVIGO

Persoal



José González Groba

A PRESIDENTA DA  
XUNTA PAS DA UDC




Teresa González  
Martínez

O PRESIDENTE DA  
XUNTA PAS DA USC



Luís Vila Arias

O PRESIDENTE DA  
XUNTA PAS DA UVIGO



Xoan Manuel Cebro  
Rodríguez